

ELECTROMAGNETISMO

♦ INTRODUCCIÓN

● MÉTODO

1. En xeral:
Debúxanse as forzas que actúan sobre o sistema.
Calcúlase a resultante polo principio de superposición.
Aplicase a 2ª lei de Newton (Lei Fundamental da Dinámica).

$$\sum \vec{F} = m \cdot \vec{a}$$

2. Nos problemas de campo electrostático de cargas puntuais ou esféricas.
A forza electrostática $\vec{F}_E$ entre dúas cargas, Q e q , puntuais ou esféricas (condutoras ocas ou macizas, ou illantes cunha distribución homoxénea de carga) separada unha distancia r vén dada pola lei de Coulomb:

$$\vec{F} = K \frac{Qq}{r^2} \vec{u}_r$$

A intensidade do campo electrostático $\vec{E}$ creado por unha carga puntual Q nun punto a unha distancia r é igual á forza eléctrica $\vec{F}_E$ que exercería a carga Q sobre a unidade de carga positiva situada nese punto.

$$\vec{E} = \vec{F}_E / q$$

sendo q a carga de proba situada no punto. A expresión queda:

$$\vec{E} = K \frac{Q}{r^2} \vec{u}_r$$

A intensidade de campo electrostático nun punto creado por varias cargas puntuais é a suma vectorial das intensidades de campo electrostático creado por cada carga como se as outras non estivesen (principio de superposición)

O potencial electrostático nun punto a unha distancia r dunha carga puntual Q é o traballo que fai a forza electrostática cando a unidade de carga positiva se traslada desde a súa posición ata o infinito:

$$V = \frac{W_{r \rightarrow \infty}}{q} = \int_r^\infty \frac{\vec{F}_E}{q} d\vec{r} = \int_r^\infty K \frac{Q}{r^2} \vec{u}_r d\vec{r} = \int_r^\infty K \frac{Q}{r^2} dr = \left[-K \frac{Q}{r} \right]_r^\infty = K \frac{Q}{r}$$

O potencial electrostático nun punto debido a varias cargas puntuais é a suma dos potenciais electrostáticos creado por cada carga como se as outras non estivesen.

Para calcular o traballo necesario para trasladar unha carga q entre dous puntos A e B calcúlase primeiro o traballo que fan as forzas do campo, que, sendo conservativo, é igual a:

Traballo que fan as forzas do campo:

$$W_{A \rightarrow B} = - (E_{PB} - E_{PA}) = E_{PA} - E_{PB} = q (V_A - V_B)$$

Supoñendo que a carga parte do repouso e chega a B con velocidade nula, o traballo da forza resultante é nulo, e o traballo da forza exterior será:

$$W' = - W_{A \rightarrow B}$$

3. Nos problemas de movemento de cargas nun campo magnético constante.
Pola lei de Lorentz,

$$\vec{F}_B = q (\vec{v} \times \vec{B})$$

a forza magnética é perpendicular á velocidade, polo que non realiza traballo. A velocidade terá un valor constante, e a aceleración só ten compoñente normal. Como tódalas magnitudes son constantes, tamén o será a aceleración normal e o radio de curvatura, polo que a traxectoria será circular.

As traxectorias das partículas no interior dun campo magnético constante son circulares. Entón, a aceleración só ten compoñente normal $a_N = v^2 / r$, e, ao non ter aceleración tanxencial, o módulo da velocidade é constante.

● RECOMENDACIÓNS

1. Farase unha lista con datos, pasándoos ao Sistema Internacional se non o estivesen.
2. Farase outra lista coas incógnitas.
3. Debuxarase un esbozo coas distancias coherentes coa situación. Deberán incluír cada unha das forzas ou das intensidades de campo, e a súa resultante.
4. Farase unha lista de ecuacións que conteñan as incógnitas e algún dos datos, mencionando á lei ou principio ao que se refiren.
5. No caso de ter algunha referencia, ao rematar os cálculos farase unha análise do resultado para ver si é o esperado. En particular, comprobar que os vectores campo electrostático teñen a dirección e o sentido acorde co esbozo.
6. En moitos problemas as cifras significativas dos datos son incoherentes. Resolverase o problema supoñendo que os datos que aparecen con unha ou dúas cifras significativas teñen a mesma precisión que o resto dos datos (polo xeral tres cifras significativas), e ao final farase un comentario sobre o as cifras significativas do resultado.

● ACLARACIÓNS

1. Os datos dos enunciados dos problemas non adoitan ter un número adecuado de cifras significativas, ben porque o redactor pensa que a Física é unha rama das Matemáticas e os números enteiros son números «exactos» (p.ej a velocidade da luz: 3×10^8 m/s cre que é 300 000 000,0000000000000000... m/s) ou porque aínda non se decatou de que se pode usar calculadora no exame e parécelle máis sinxelo usar 3×10^8 que 299 792 458 m/s). Por iso supuxen que os datos teñen un número de cifras significativas razoables, case sempre tres cifras significativas. Menos cifras darían resultados, en certos casos, con ampla marxe de erro. Así que cando tomo un dato como $c = 3 \times 10^8$ m/s e reescribo como:
Cifras significativas: 3
 $c = 3,00 \times 10^8$ m/s
o que quero indicar é que supoño que o dato orixinal ten tres cifras significativas (non que as teña en realidade) para poder realizar os cálculos cunha marxe de erro máis pequeno que o que tería si tomáseo tal como dano. (3×10^8 m/s ten unha soa cifra significativa, e un erro relativo do 30%. Como os erros adóitanse acumular ao longo do cálculo, o erro final sería inadmisibile. Entón, para que realizar os cálculos? Cunha estimación sería suficiente).

♦ PROBLEMAS

● CAMPO ELECTROSTÁTICO

1. Unha carga puntual Q ocupa a posición $(0,0)$ do plano XY no baleiro. Nun punto A do eixe X o potencial é $V = -100 \text{ V}$ e o campo eléctrico é $\vec{E} = -10 \hat{i} \text{ N/C}$ (coordenadas en metros):
- Calcula a posición do punto A e o valor de Q .
 - Determina o traballo necesario para levar un protón desde o punto $B(2, 2)$ ata o punto A .
 - Fai unha representación gráfica aproximada da enerxía potencial do sistema en función da distancia entre ambas as dúas cargas. Xustifica a resposta.
- Datos: carga do protón: $1,6 \times 10^{-19} \text{ C}$; $K = 9 \times 10^9 \text{ N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}$ (P.A.U. Set. 11)
- Rta.: a) $\vec{r}_A = (10,0; 0) \text{ m}$; $Q = -1,11 \times 10^{-7} \text{ C}$; b) $W = -4,05 \times 10^{-17} \text{ J}$

Datos

Posición da carga Q
 Potencial no punto A
 Campo eléctrico no punto A
 Posición do punto B
 Carga do protón
 Constante eléctrica

Incógnitas

Posición do punto A
 Valor da carga Q
 Traballo necesario para levar un protón de B á

Outros Símbolos

Distancia entre dous puntos A e B

Ecuacións

Campo eléctrico creado por unha carga puntual Q a unha distancia r

Potencial electrostático dun un punto que dista unha distancia r dunha carga Q

Traballo que fai a forza do campo cando se move unha carga q desde un punto A ata outro punto B

Enerxía potencial electrostática dunha carga q nun punto A

Cifras significativas: 3

$\vec{R}_0 = (0; 0) \text{ m}$
 $V = -100 \text{ V}$
 $\vec{E} = -10,0 \hat{i} \text{ N/C}$
 $\vec{r}_B = (2,000; 2,000) \text{ m}$
 $q_p = 1,60 \times 10^{-19} \text{ C}$
 $K = 9,00 \times 10^9 \text{ N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}$

$\vec{r}_A$
 Q
 $W_{B \rightarrow A}$

r_{AB}

$$\vec{E} = K \frac{Q}{r^2} \vec{u}_r$$

$$V = K \frac{Q}{r}$$

$$W_{A \rightarrow B} = q (V_A - V_B)$$

$$E_{pA} = q V_A$$

Solución:

a) Substitúense os datos nas ecuacións do campo

$$\vec{E} = K \frac{Q}{r^2} \vec{u}_r$$

$$-10,0 \hat{i} [\text{N/C}] = 9,00 \times 10^9 [\text{N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \frac{Q}{r^2} \vec{u}_r$$

que, tomando só o módulo, queda:

$$10,0 [\text{N/C}] = 9,00 \times 10^9 [\text{N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \frac{|Q|}{r^2}$$

Tamén substitúese na ecuación do potencial electrostático:

$$V = K \frac{Q}{r}$$

$$-100 [\text{V}] = 9,00 \times 10^9 [\text{N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \frac{Q}{r}$$

Como na ecuación do campo aparece o valor absoluto da carga $|Q|$, aplicamos valores absolutos á ecuación do potencial, que queda:

$$100[\text{V}] = 9,00 \times 10^9 [\text{N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \frac{|Q|}{r}$$

Resólvese o sistema

$$\begin{cases} 10,0 = 9,00 \times 10^9 \frac{|Q|}{r^2} \\ 100 = 9,00 \times 10^9 \frac{|Q|}{r} \end{cases}$$

dividindo a segunda ecuación entre a primeira. Obténse

$$r = 10,0 \text{ m}$$

E despegando o valor absoluto da carga $|Q|$ da segunda ecuación:

$$Q = 1,11 \times 10^{-7} \text{ C}$$

O potencial é negativo, polo que a carga debe ser negativa:

$$Q = -1,11 \times 10^{-7} \text{ C}$$

Como a intensidade do campo electrostático no punto é negativa, $\vec{E}_r = -10,0 \vec{i} \text{ (N/C)}$, o punto ten que estar no semieixe positivo:

$$\vec{r}_A = (10,0; 0) \text{ m}$$

b) O traballo que fai a forza do campo é

$$W_{B \rightarrow A} = q (V_B - V_A)$$

A distancia do punto B á carga Q é:

$$r_{OB} = \sqrt{2,00^2 + 2,00^2} = 2,83 \text{ m}$$

O potencial no punto B vale:

$$V = 9,00 \times 10^9 [\text{N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \frac{[-1,11 \times 10^{-7} [\text{C}]]}{2,83 [\text{m}]} = -353 \text{ V}$$

O traballo da forza do campo é

$$W_{B \rightarrow A} = q (V_B - V_A) = 1,60 \times 10^{-19} [\text{C}] \cdot (-353 - (-100)) [\text{V}] = -4,05 \times 10^{-17} \text{ J}$$


Supondo que salga e chegue con velocidade nula, o traballo que hai que facer é:

$$W_{\text{exterior}} = -W_{\text{campo}} = 4,05 \times 10^{-17} \text{ J}$$

c) A enerxía potencial de dúas cargas vén dada pola expresión:

$$E_p = q \cdot V = K \frac{Qq}{r}$$

e é inversamente proporcional á distancia entre ámbalas cargas. Como as cargas son de signo oposto a enerxía potencial é negativa e aumenta coa distancia ata ser nula a unha distancia infinita.



2. Dadas as cargas puntuais $Q_1 = 80 \mu\text{C}$, $Q_2 = -80 \mu\text{C}$, $Q_3 = 40 \mu\text{C}$ situadas nos puntos A(-2, 0), B(2, 0) e C(0, 2) respectivamente (coordenadas en metros), calcula:

- A intensidade do campo electrostático no punto (0, 0)
- O traballo necesario para traer unha carga de $1 \mu\text{C}$ desde o infinito ata o punto (0, 0)

Datos: $K = 9 \times 10^9 \text{ N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}$ **(P.A.U. Xuño 96)****Rta.:** a) $\vec{E} = (3,6 \vec{i} - 0,9 \vec{j}) \times 10^5 \text{ N/C}$; b) $W_{\text{exterior}} = -W_{\text{campo}} = 0,18 \text{ J}$ **Datos**Valor da carga situada no punto A: $(-2,00; 0) \text{ m}$ Valor da carga situada no punto B: $(2,00; 0) \text{ m}$ Valor da carga situada no punto C: $(0; 2,00) \text{ m}$

Valor da carga que se despraza

Constante eléctrica

Cifras significativas: 3 $Q_1 = 80,0 \mu\text{C} = 8,00 \times 10^{-5} \text{ C}$ $Q_2 = -80,0 \mu\text{C} = -8,00 \times 10^{-5} \text{ C}$ $Q_3 = 40,0 \mu\text{C} = 4,00 \times 10^{-5} \text{ C}$ $q = 1,00 \mu\text{C} = 1,00 \times 10^{-6} \text{ C}$ $K = 9,00 \times 10^9 \text{ N m}^2 \text{ C}^{-2}$ **Incógnitas**Intensidade do campo electrostático no punto $(0, 0)$ Traballo para traer unha carga de $1 \mu\text{C}$ desde o infinito ata o punto $(0, 0)$ **Outros símbolos**

Distancia entre dous puntos A e B

EcuaciónsIntensidade do campo electrostático nun punto creado por unha carga puntual Q situada a unha distancia r

Principio de superposición

Traballo que fai a forza do campo cando se move unha carga q dende un punto A ata outro punto BPotencial electrostático nun punto creado por unha carga puntual Q situada a unha distancia r

Potencial electrostático de varias cargas

 $\vec{E}$ W r_{AB}

$$\vec{E} = K \frac{Q}{r^2} \vec{u}_r$$

$$\vec{E}_A = \sum \vec{E}_{Ai}$$

$$W_{A \rightarrow B} = q (V_A - V_B)$$


$$V = K \frac{Q}{r}$$

$$V = \sum V_i$$

Solución:Faize un debuxo cos vectores intensidade de campo electrostático creado por cada carga e a suma vectorial que é o vector campo $\vec{E}$ resultante.

As distancias entre os puntos AO, BO e CO son as mesmas:

$$r = 2,00 \text{ m}$$

A intensidade de campo electrostático no punto $(0, 0) \text{ m}$, debida a carga de $80 \mu\text{C}$ no punto A é:

$$\vec{E}_A = 9,00 \times 10^9 [\text{N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \frac{8,00 \times 10^{-5} [\text{C}]}{(2,00 [\text{m}])^2} \vec{i} = 1,80 \times 10^5 \vec{i} \text{ N/C}$$

A intensidade de campo electrostático no punto $(0, 0) \text{ m}$, debida a carga de $-80 \mu\text{C}$ no punto B é a mesma:

$$\vec{E}_B = 1,80 \times 10^5 \vec{i} \text{ N/C}$$

A intensidade de campo electrostático no punto $(0, 0) \text{ m}$, debida a carga de $40 \mu\text{C}$ no punto C é:

$$\vec{E}_C = 9,00 \times 10^9 [\text{N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \frac{4,00 \times 10^{-5} [\text{C}]}{(2,00 [\text{m}])^2} (-\vec{j}) = -0,900 \times 10^5 \vec{j} \text{ N/C}$$

Polo principio de superposición, a intensidade de campo electrostático resultante no punto $(0, 0)$ é a suma vectorial das intensidades de campo de cada carga:

$$\vec{E} = \vec{E}_A + \vec{E}_B + \vec{E}_C = 2 \cdot 1,80 \times 10^5 \vec{i} [\text{N/C}] + -0,90 \times 10^5 \vec{j} [\text{N/C}] = (3,60 \times 10^5 \vec{i} - 0,90 \times 10^5 \vec{j}) \text{ N/C}$$

$$|\vec{E}| = \sqrt{(3,60 \times 10^5)^2 + (0,90 \times 10^5)^2} = 3,71 \times 10^5 \text{ N/C}$$

Análise: A dirección do campo resultante é á dereita catro veces máis que cara abaixo, como se ve no debuxo.b) Os potenciais no punto $(0, 0)$ debidos a cada carga valen:

$$V_A = 9,00 \times 10^9 [\text{N m}^2 \text{C}^{-2}] \frac{8,00 \times 10^{-5} [\text{C}]}{(2,00 [\text{m}])} = 3,60 \times 10^5 \text{ V}$$

$$V_B = 9,00 \times 10^9 [\text{N m}^2 \text{C}^{-2}] \frac{-8,00 \times 10^{-5} [\text{C}]}{(2,00 [\text{m}])} = -3,60 \times 10^5 \text{ V}$$

$$V_C = 9,00 \times 10^9 [\text{N m}^2 \text{C}^{-2}] \frac{4,00 \times 10^{-5} [\text{C}]}{(2,00 [\text{m}])} = 1,80 \times 10^5 \text{ V}$$

O potencial electrostático dun punto debido á presenza de varias cargas, é a suma alxébrica dos potenciais debidos a cada carga.

$$V = V_A + V_B + V_C = 3,60 \times 10^5 [\text{V}] - 3,60 \times 10^5 [\text{V}] + 1,80 \times 10^5 [\text{V}] = 1,80 \times 10^5 \text{ V}$$

O traballo que fai a forza do campo é

$$W_{\infty \rightarrow 0} = q (V_{\infty} - V_0) = 1,00 \times 10^{-6} \text{ C} \cdot (0 - 1,80 \times 10^5) \text{ V} = -0,180 \text{ J}$$

Supondo que salga e chegue con velocidade nula, o traballo que hai que facer é:

$$W_{\text{exterior}} = -W_{\text{campo}} = 0,180 \text{ J}$$

3. Dúas cargas eléctricas de 3 mC están situadas en A(4, 0) e B(-4, 0) (en metros). Calcula:

- O campo eléctrico en C(0, 5) e en D(0, 0)
- O potencial eléctrico nos mesmos puntos C e D.
- O traballo para trasladar $q' = -1 \text{ mC}$ desde C a D.

Datos: $K = 9 \times 10^9 \text{ N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}$; $1 \text{ mC} = 10^{-3} \text{ C}$

(P.A.U. Xuño 09)

Rta.: a) $\vec{E}_C = 1,03 \times 10^6 \text{ j N/C}$; $\vec{E}_D = \vec{0}$; b) $V_C = 8,4 \times 10^6 \text{ V}$; $V_D = 1,3 \times 10^7 \text{ V}$; c) $W_{\text{ext}} = -5,1 \times 10^3 \text{ J}$

Datos

Valor da carga situada no punto A: (4,00; 0) m

Valor da carga situada no punto B: (-4,00; 0) m

Valor da carga que se traslada

Constante eléctrica

Incógnitas

Intensidade do campo electrostático nos puntos C: (0; 5,00) e D: (0, 0)

Potencial electrostático nos puntos C: (0; 5,00) e D: (0, 0)

Traballo para trasladar unha carga de -1 mC desde C a D

Outros símbolos

Distancia entre dous puntos A e B

Ecuacións

Intensidade do campo electrostático nun punto creado por unha carga puntual Q situada a unha distancia r

Principio de superposición

Traballo que fai a forza do campo cando se move unha carga q desde un punto A ata outro punto B

Potencial electrostático nun punto creado por unha carga puntual Q situada a unha distancia r

Potencial electrostático de varias cargas

Cifras significativas: 3

$$Q_1 = 3,00 \text{ mC} = 3,00 \times 10^{-3} \text{ C}$$

$$Q_2 = 3,00 \text{ mC} = 3,00 \times 10^{-3} \text{ C}$$

$$q = -1,00 \text{ mC} = 1,00 \times 10^{-3} \text{ C}$$

$$K = 9,00 \times 10^9 \text{ N m}^2 \text{C}^{-2}$$

$$\vec{E}_C, \vec{E}_D$$

$$V_C, V_D$$

$$W_{C \rightarrow D}$$

$$r_{AB}$$

$$\vec{E} = K \frac{Q}{r^2} \vec{u}_r$$

$$\vec{E}_A = \sum \vec{E}_{Ai}$$

$$W_{A \rightarrow B} = q (V_A - V_B)$$

$$V = K \frac{Q}{r}$$

$$V = \sum V_i$$

Solución:


a) Faise un debuxo cos vectores intensidade de campo electrostático creado por cada carga e a suma vectorial que é o vector campo $\vec{E}$ resultante.

Para o punto C:

As distancias entre os puntos AC, e BC son as mesmas:

$$r_{AC} = r_{BC} = \sqrt{4,00^2 + 5,00^2} = 6,40 \text{ m}$$

A intensidade de campo electrostático no punto C(0, 5), debida á carga de 3 mC situada no punto A é:



$$\vec{E}_{A \rightarrow C} = 9,00 \times 10^9 [\text{N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \frac{3,00 \times 10^{-3} [\text{C}]}{(6,40 [\text{m}])^2} \frac{-4,00 \vec{i} + 5,00 \vec{j}}{6,40} = -4,11 \times 10^5 \vec{i} + 5,14 \times 10^5 \vec{j} \text{ N/C}$$

A intensidade de campo electrostático no punto C(0, 5) debida á carga de 3 mC situada no punto B é simétrica á do punto A:

$$\vec{E}_{B \rightarrow C} = 4,11 \times 10^5 \vec{i} + 5,14 \times 10^5 \vec{j} \text{ N/C}$$

Polo principio de superposición, a intensidade de campo electrostático resultante no punto C(0, 5) é a suma vectorial das intensidades de campo de cada carga:

$$\vec{E}_C = \vec{E}_{A \rightarrow C} + \vec{E}_{B \rightarrow C} = (-4,11 \times 10^5 \vec{i} + 5,14 \times 10^5 \vec{j}) + (4,11 \times 10^5 \vec{i} + 5,14 \times 10^5 \vec{j}) = 1,03 \times 10^6 \vec{j} \text{ N/C}$$

Análise: A dirección do campo resultante é vertical cara arriba, como se ve no debuxo.

Para o punto D:

Como as distancias entre os puntos AD e BD son as mesmas e as cargas en A e B son iguais, os vectores campo creados polas cargas en A e B son opostos (mesmo valor e dirección pero sentido contrario) polo que a súa resultante é nula.

$$\vec{E}_D = \vec{0}$$

b) Os potenciais no punto C(0, 5) debidos a cada carga son iguais e valen:

$$V_{B \rightarrow C} = V_{A \rightarrow C} = 9,00 \times 10^9 [\text{N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \frac{3,00 \times 10^{-3} [\text{C}]}{(6,40 [\text{m}])} = 4,22 \times 10^6 \text{ V}$$

O potencial electrostático dun punto debido á presenza de varias cargas, é a suma alxébrica dos potenciais debidos a cada carga.

$$V_C = V_{A \rightarrow C} + V_{B \rightarrow C} = 4,22 \times 10^6 [\text{V}] + 4,22 \times 10^6 [\text{V}] = 8,43 \times 10^6 \text{ V}$$

Analogamente para o punto D

$$V_{B \rightarrow D} = V_{A \rightarrow D} = 9,00 \times 10^9 [\text{N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \frac{3,00 \times 10^{-3} [\text{C}]}{(4,00 [\text{m}])} = 6,75 \times 10^6 \text{ V}$$

$$V_D = V_{A \rightarrow D} + V_{B \rightarrow D} = 6,75 \times 10^6 [\text{V}] + 6,75 \times 10^6 [\text{V}] = 13,5 \times 10^6 \text{ V}$$

c) O traballo que fai a forza do campo é

$$W_{C \rightarrow D} = q (V_C - V_D) = -1,00 \times 10^{-3} [\text{C}] \cdot (8,43 \times 10^6 - 13,5 \times 10^6) [\text{V}] = 5,1 \times 10^3 \text{ J}$$

Supondo que salga e chegue con velocidade nula, o traballo que hai que facer é:

$$W_{\text{exterior}} = -W_{\text{campo}} = -5,1 \times 10^3 \text{ J}$$

4. Tres cargas de $+3 \mu\text{C}$ están situadas equidistantes entre si sobre unha circunferencia de radio 2 m. Calcula:

a) O potencial eléctrico no centro da circunferencia.

b) O vector campo eléctrico no mesmo punto.

c) O traballo para traer unha carga $q' = 1 \mu\text{C}$ desde o infinito ao centro da circunferencia.

Dato $K = 9 \times 10^9 \text{ N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}$

(P.A.U. Xuño 12)

Rta.: a) $V = 4,05 \times 10^4 \text{ V}$; b) $\vec{E}_O = \vec{0}$; c) $W_{\text{ext}} = 4,05 \times 10^{-2} \text{ J}$

Datos

Valor de cada carga

Radio da circunferencia

Valor da carga que se traslada

Constante eléctrica

Incógnitas

Potencial electrostático no centro da circunferencia

Intensidade do campo electrostático no centro da circunferencia

Traballo para trasladar unha carga de $1 \mu\text{C}$ desde o infinito ao centro

Outros símbolos

Distancia entre dous puntos A e B

Ecuacións

Intensidade do campo electrostático nun punto creado por unha carga puntual Q situada a unha distancia r

Principio de superposición

Traballo que fai a forza do campo cando se move unha carga q desde un punto A ata outro punto B

Potencial electrostático nun punto creado por unha carga puntual Q situada a unha distancia r

Potencial electrostático de varias cargas

Cifras significativas: 3

$$Q = 3,00 \mu\text{C} = 3,00 \times 10^{-6} \text{ C}$$

$$R = 2,00 \text{ m}$$

$$q = -1,00 \mu\text{C} = 1,00 \times 10^{-6} \text{ C}$$

$$K = 9,00 \times 10^9 \text{ N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}$$

$$V_O$$

$$\vec{E}_O$$

$$W_{\infty \rightarrow O}$$

$$r_{AB}$$

$$\vec{E} = K \frac{Q}{r^2} \vec{u}_r$$

$$\vec{E}_A = \sum \vec{E}_{Ai}$$

$$W_{A \rightarrow B} = q (V_A - V_B)$$

$$V = K \frac{Q}{r}$$

$$V = \sum V_i$$

Solución:

a) Os potenciais no centro O da circunferencia, debidos a cada carga son iguais porque tanto a carga como a distancia ao centro son iguais. Valen:

$$V_{A \rightarrow O} = V_{B \rightarrow O} = V_{C \rightarrow O} = 9,00 \times 10^9 [\text{N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \frac{3,00 \times 10^{-6} [\text{C}]}{(2,00 [\text{m}])^2} = 1,35 \times 10^4 \text{ V}$$

O potencial electrostático dun punto debido á presenza de varias cargas, é a suma alxébrica dos potenciais debidos a cada carga.

$$V_O = V_{A \rightarrow O} + V_{B \rightarrow O} + V_{C \rightarrow O} = 3 \cdot 1,35 \times 10^4 [\text{V}] = 4,05 \times 10^4 \text{ V}$$

b) Faise un debuxo cos vectores intensidade de campo electrostático creado por cada carga e a suma vectorial que é o vector campo $\vec{E}$ resultante.

Ao ser as tres cargas iguais e estar á mesma distancia do centro da circunferencia, os tres vectores intensidade de campo electrostático son simétricos e o seu resultante é nula:


$$\vec{E}_O = \vec{0}$$

Si queres realizar os cálculos:

A intensidade de campo electrostático no centro O da circunferencia, debida á carga de $3 \mu\text{C}$ situada no punto A é:

$$\vec{E}_{A \rightarrow O} = 9,00 \times 10^9 [\text{N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \frac{3,00 \times 10^{-6} [\text{C}]}{(2,00 [\text{m}])^2} (-\vec{i}) = -6,75 \times 10^3 \vec{i} \text{ N/C}$$

A intensidade de campo electrostático no centro O da circunferencia, debida á carga de $3 \mu\text{C}$ situada no punto B é:



$$\vec{E}_{B \rightarrow O} = 9,00 \times 10^9 [\text{N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \frac{3,00 \times 10^{-6} [\text{C}]}{(2,00 [\text{m}])^2} (\cos(-60^\circ) \vec{i} + \sin(-60^\circ) \vec{j}) = 3,38 \times 10^3 \vec{i} - 5,85 \times 10^3 \vec{j} \text{ N/C}$$

Por simetría, a intensidade de campo electrostático no centro O da circunferencia, debida á carga de $3 \mu\text{C}$ situada no punto C é:

$$\vec{E}_{C \rightarrow O} = 3,38 \times 10^3 \vec{i} + 5,85 \times 10^3 \vec{j} \text{ N/C}$$

Polo principio de superposición, a intensidade de campo electrostático resultante no punto O é a suma vectorial das intensidades de campo de cada carga:

$$\vec{E}_O = \vec{E}_{A \rightarrow O} + \vec{E}_{B \rightarrow O} + \vec{E}_{C \rightarrow O} = (-6,75 \times 10^3 \vec{i}) + (3,38 \times 10^3 \vec{i} - 5,85 \times 10^3 \vec{j}) + (3,38 \times 10^3 \vec{i} + 5,85 \times 10^3 \vec{j}) = 0 \vec{i} + 0 \vec{j}$$

c) O traballo que fai a forza do campo é

$$W_{\infty \rightarrow O} = q (V_{\infty} - V_O) = 1,00 \times 10^{-6} [\text{C}] \cdot (0 - 4,05 \times 10^4) [\text{V}] = -4,05 \times 10^{-2} \text{ J}$$

Supoñendo que salga e chegue con velocidade nula, o traballo que hai que facer é:

$$W_{\text{exterior}} = -W_{\text{campo}} = 4,05 \times 10^{-2} \text{ J}$$

5. Tres cargas eléctricas puntuais de 10^{-6} C atópanse situadas nos vértices dun cadrado de 1 m de lado. Calcula:

- A intensidade do campo e o potencial electrostático no vértice libre.
- Módulo, dirección e sentido da forza do campo electrostático sobre unha carga de $-2 \times 10^{-6} \text{ C}$ situada no devandito vértice.
- O traballo realizado pola forza do campo para trasladar dita caga desde o vértice ao centro do cadrado. Interpretar o signo do resultado.

Dato: $K = 9 \times 10^9 \text{ N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}$

(P.A.U. Set. 13)

Rta.: a) $|\vec{E}| = 1,7 \times 10^4 \text{ N/C}$, diagonal cara a fóra; $V = 2,4 \times 10^4 \text{ V}$; b) $|\vec{F}| = 0,034 \text{ N}$, diagonal cara ao centro; c) $W_E = 0,028 \text{ J}$

Datos

Lado do cadrado

Valor da carga situada no punto A: $(0; 0) \text{ m}$

Valor da carga situada no punto B: $(1,00; 0) \text{ m}$.

Valor da carga situada no punto C: $(0; 1,00) \text{ m}$

Valor da carga situada no punto D: $(1,00; 1,00) \text{ m}$

Constante eléctrica

Incógnitas

Intensidade do campo electrostático no punto D

Potencial electrostático no punto D

Traballo do campo ao levar a carga desde D ao centro do cadrado G

Outros símbolos

Distancia entre dous puntos A e B

Ecuacións

Intensidade do campo electrostático nun punto creado por unha carga puntual Q situada a unha distancia r

Principio de superposición


Traballo que fai a forza do campo cando se move unha carga q desde un punto A ata outro punto B

Potencial electrostático nun punto creado por unha carga puntual Q situada a unha distancia r

Potencial electrostático de varias cargas

Solución:

- Faise un debuxo das cargas e cada un dos vectores campo e da suma vectorial que é o vector campo $\vec{E}$ resultante. As distancias BD e CD valen a lonxitude ao lado:



Cifras significativas: 3

$l = 1,00 \text{ m}$

$Q_A = 1,00 \times 10^{-6} \text{ C}$

$Q_B = 1,00 \times 10^{-6} \text{ C}$

$Q_C = 1,00 \times 10^{-6} \text{ C}$

$Q_D = -2,00 \times 10^{-6} \text{ C}$

$K = 9,00 \times 10^9 \text{ N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}$

$\vec{E}_D$

V_D

$W_{D \rightarrow G}$

r_{AB}

$$\vec{E} = \frac{\vec{F}}{q} = K \frac{Q}{r^2} \vec{u}_r$$

$$\vec{E}_A = \sum \vec{E}_{Ai}$$

$$W_{A \rightarrow B} = q (V_A - V_B)$$

$$V = K \frac{Q}{r}$$

$$V = \sum V_i$$

$$r_{BD} = r_{CD} = l = 1,00 \text{ m}$$

A distancia AD é a lonxitude da diagonal de cadrado

$$r_{AD} = |\vec{r}_{AD}| = \sqrt{(1,00[\text{m}])^2 + (1,00[\text{m}])^2} = 1,41 \text{ m}$$

Elíxese un sistema de referencia coa orixe en cada carga, tomando o eixe X horizontal, positivo cara á dereita e o eixe Y vertical, positivo cara arriba.

O vector unitario $\vec{u}_{CD}$ do punto D tomando como orixe o punto C é o vector $\vec{i}$ unitario do eixe X.

O vector unitario $\vec{u}_{BD}$ do punto D tomando como orixe o punto B é o vector $\vec{j}$ unitario do eixe Y.

O vector unitario $\vec{u}_{AD}$ do punto D tomando como orixe o punto A é:

$$\vec{u}_{AD} = \frac{\vec{r}_{AD}}{|\vec{r}_{AD}|} = \frac{(1,00\vec{i} + 1,00\vec{j})[\text{m}]}{1,41[\text{m}]} = 0,707\vec{i} + 0,707\vec{j}$$

A intensidade de campo electrostático no punto D, debida á carga de $1 \mu\text{C}$ situada no punto A é:

$$\vec{E}_{A \rightarrow D} = 9,00 \times 10^9 [\text{N} \cdot \text{m}^2 \text{C}^{-2}] \cdot \frac{(1,00 \times 10^{-6} [\text{C}])}{(1,41[\text{m}])^2} (0,707\vec{i} + 0,707\vec{j}) = (3,18 \times 10^3 \vec{i} + 3,18 \times 10^3 \vec{j}) \text{ N/C}$$

A intensidade de campo electrostático no punto D, debida á carga de $1 \mu\text{C}$ situada no punto B é:

$$\vec{E}_{B \rightarrow D} = 9,00 \times 10^9 [\text{N} \cdot \text{m}^2 \text{C}^{-2}] \cdot \frac{(1,00 \times 10^{-6} [\text{C}])}{(1,00[\text{m}])^2} \vec{j} = 9,00 \times 10^3 \vec{j} \text{ N/C}$$

Por analogía, a intensidade de campo electrostático no punto D, debida á carga de $1 \mu\text{C}$ situada no punto C é:

$$\vec{E}_{C \rightarrow D} = 9,00 \times 10^3 \vec{i} \text{ N/C}$$

Aplicando o principio de superposición,

$$\vec{E}_D = \sum \vec{E}_{i \rightarrow D} = \vec{E}_{A \rightarrow D} + \vec{E}_{B \rightarrow D} + \vec{E}_{C \rightarrow D}$$

$$\vec{E}_D = (3,18 \times 10^3 \vec{i} + 3,18 \times 10^3 \vec{j}) + (9,00 \times 10^3 \vec{j}) + (9,00 \times 10^3 \vec{i}) = (1,22 \times 10^4 \vec{i} + 1,22 \times 10^4 \vec{j}) \text{ N/C}$$

Análise: Vese que o vector intensidade de campo eléctrico resultado do cálculo é diagonal cara arriba e cara á dereita, coherente co debuxo que se fixo.

O valor do campo é:

$$|\vec{E}_D| = \sqrt{(1,22 \times 10^4 [\text{N/C}])^2 + (1,22 \times 10^4 [\text{N/C}])^2} = 1,72 \times 10^4 \text{ N/C}$$

Xeneralizando o resultado para calquera sistema de referencia,

$$|\vec{E}_D| = 1,72 \times 10^4 \text{ N/C. O campo vai na dirección de la diagonal, cara a fóra}$$

Os potenciais electrostáticos no punto D debidos a as cargas en C e B son iguais e valen:

$$V_{B \rightarrow D} = V_{C \rightarrow D} = 9,00 \times 10^9 [\text{N} \cdot \text{m}^2 \text{C}^{-2}] \frac{1,00 \times 10^{-6} [\text{C}]}{(1,00[\text{m}])} = 9,00 \times 10^3 \text{ V}$$

O potencial electrostático no punto D debido á carga en A vale:

$$V_{A \rightarrow D} = 9,00 \times 10^9 [\text{N} \cdot \text{m}^2 \text{C}^{-2}] \frac{1,00 \times 10^{-6} [\text{C}]}{(1,41[\text{m}])} = 6,36 \times 10^3 \text{ V}$$

O potencial electrostático nun punto debido á presenza de varias cargas, é a suma alxébrica dos potenciais debidos a cada carga.

$$V_D = V_{A \rightarrow D} + V_{B \rightarrow D} + V_{C \rightarrow D} = 6,36 \times 10^3 [\text{V}] + 2 \cdot 9,00 \times 10^3 [\text{V}] = 2,44 \times 10^4 \text{ V}$$

b) Como a intensidade do campo electrostático nun punto é a forza sobre a unidade de carga positiva colocada nese punto, podemos calcular a forza electrostática sobre a carga de $-2 \mu\text{C}$ a partir do vector intensidade de campo electrostático:

$$\vec{F} = q \vec{E} = -2,00 \times 10^{-6} [\text{C}] (1,22 \times 10^4 \vec{i} + 1,22 \times 10^4 \vec{j}) [\text{N/C}] = (-2,44 \times 10^{-2} \vec{i} - 2,44 \times 10^{-2} \vec{j}) \text{ N}$$

c) O traballo que fai a forza do campo cando se traslada a carga $q = -2 \mu\text{C}$ desde o vértice D ao centro G do cadrado é

$$W_{D \rightarrow G} = q (V_D - V_G) = -1,00 \times 10^{-3} [\text{C}] \cdot (8,43 \times 10^6 - 13,5 \times 10^6) [\text{V}] = 5,1 \times 10^3 \text{ J}$$

Hai que calcular o potencial electrostático no punto G situado no centro do cadrado de forma análoga a como se fixo antes.

A distancia de cada vértice ao centro do cadrado é a metade da diagonal:

$$r_{AG} = r_{BG} = r_{CG} = 1,41 [\text{m}] / 2 = 0,707 \text{ m}$$

Os potenciais electrostáticos no punto G debidos a as cargas en A, B e C son iguais e valen:

$$V_{A \rightarrow G} = V_{B \rightarrow G} = V_{C \rightarrow G} = 9,00 \times 10^9 [\text{N} \cdot \text{m}^2 \text{C}^{-2}] \frac{1,00 \times 10^{-6} [\text{C}]}{(0,707 [\text{m}])} = 1,27 \times 10^4 \text{ V}$$

O potencial electrostático en G é a suma alxébrica dos potenciais debidos a cada carga.

$$V_G = V_{A \rightarrow G} + V_{B \rightarrow G} + V_{C \rightarrow G} = 3 \cdot 1,27 \times 10^4 [\text{V}] = 3,82 \times 10^4 \text{ V}$$

O traballo da forza do campo é

$$W_{D \rightarrow G} = q (V_D - V_G) = -2,00 \times 10^{-6} [\text{C}] \cdot (2,44 \times 10^4 - 3,82 \times 10^4) [\text{V}] = 2,76 \times 10^{-2} \text{ J}$$

O traballo o positivo porque o sentido da forza (cara ao centro do cadrado) e o do desprazamento son iguais.

6. Nos vértices dun cadrado de 1 m de lado sitúanse catro cargas de valores -1, +1, -1 e +1, en μC , de maneira que as de signo igual están en vértices opostos. Calcula:

a) O campo eléctrico no punto medio dun calquera dos lados.

b) O traballo necesario para desprazar unha quinta carga de +1 μC desde un a outro punto medio de dous lados calquera.

Dato: $K = 9 \times 10^9 \text{ N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}$

(P.A.U. Set. 97)

Rta.: a) $|\vec{E}| = 6,56 \times 10^4 \text{ N/C}$, na dirección do lado, cara á carga negativa; b) $W_{M \rightarrow M'} = 0$

Datos

Valor da carga situada no punto A: (0; 0) m

Valor da carga situada no punto B: (1,00; 0) m.

Valor da carga situada no punto C: (1,00; 1,00) m

Valor da carga situada no punto D: (0; 1,00) m

Valor da carga que se despraza

Constante eléctrica

Punto medio do lado BC

Punto medio do lado AB

Incógnitas

Intensidade do campo electrostático no punto M

Traballo para levar unha carga de 1 μC desde o M a M'

Outros símbolos

Distancia entre dous puntos A e B

Ecuacións

Intensidade do campo electrostático nun punto creado por unha carga puntual Q situada a unha distancia r

Principio de superposición

Traballo que fai a forza do campo cando se move unha carga q dende un punto A ata outro punto B

Potencial electrostático nun punto creado por unha carga puntual Q situada a unha distancia r

Potencial electrostático de varias cargas

Cifras significativas: 3

$$Q_A = -1,00 \mu\text{C} = -1,00 \times 10^{-6} \text{ C}$$

$$Q_B = 1,00 \mu\text{C} = 1,00 \times 10^{-6} \text{ C}$$

$$Q_C = -1,00 \mu\text{C} = -1,00 \times 10^{-6} \text{ C}$$

$$Q_D = 1,00 \mu\text{C} = 1,00 \times 10^{-6} \text{ C}$$

$$q = 1,00 \mu\text{C} = 1,00 \times 10^{-6} \text{ C}$$

$$K = 9,00 \times 10^9 \text{ N m}^2 \text{C}^{-2}$$

$$M (1,00; 0,50) \text{ m}$$

$$M' (0,50; 0) \text{ m}$$

$$\vec{E}$$

$$W$$

$$r_{AB}$$

$$\vec{E} = K \frac{Q}{r^2} \vec{u}_r$$

$$\vec{E}_A = \sum \vec{E}_{Ai}$$

$$W_{A \rightarrow B} = q (V_A - V_B)$$

$$V = K \frac{Q}{r}$$

$$V = \sum V_i$$

Solución:

a) Faise un debuxo das cargas e cada un dos vectores campo e da suma vectorial que é o vector campo $\vec{E}$ resultante.

Se chamamos M ao punto medio do lado, as distancias AM e DM valen:

$$r_{DM} = r_{AM} = |\vec{r}_{AM}| = \sqrt{(1,00[\text{m}])^2 + (0,50[\text{m}])^2} = 1,12 \text{ m}$$

Eliximos un sistema de referencia coa orixe en cada carga, tomando o eixe X horizontal, positivo cara á dereita e o eixe Y vertical, positivo cara arriba.

O vector unitario $\vec{u}_{AM}$ do punto M tomando como orixe o punto A é:

$$\vec{u}_{AM} = \frac{\vec{r}_{AM}}{|\vec{r}_{AM}|} = \frac{(1,00\vec{i} + 0,50\vec{j})[\text{m}]}{1,12[\text{m}]} = 0,894\vec{i} + 0,447\vec{j}$$

A intensidade de campo electrostático no punto M, debida a carga de $-1 \mu\text{C}$ situada no punto A é:

$$\vec{E}_A = 9,00 \times 10^9 [\text{N m}^2 \text{C}^{-2}] \cdot \frac{(-1,00 \times 10^{-6} [\text{C}])}{(1,12[\text{m}])^2} (0,894\vec{i} + 0,447\vec{j}) = -6,44 \times 10^3 \vec{i} - 3,22 \times 10^3 \vec{j} \text{ N/C}$$

Por simetría,

$$\vec{E}_D = 6,44 \times 10^3 \vec{i} - 3,22 \times 10^3 \vec{j} \text{ N/C}$$

A intensidade de campo electrostático no punto M, debido a carga de $+1 \mu\text{C}$ situada no punto B é:

$$\vec{E}_B = 9,00 \times 10^9 [\text{N m}^2 \text{C}^{-2}] \cdot \frac{(1,00 \times 10^{-6} [\text{C}])}{(0,50[\text{m}])^2} \vec{j} = 3,6 \times 10^4 \vec{j} \text{ N/C}$$

Por simetría, $\vec{E}_C = 3,6 \times 10^4 \vec{j} \text{ N/C}$

Aplicando o principio de superposición,

$$\vec{E}_M = \sum \vec{E}_i = (-6,44 \times 10^3 \vec{i} - 3,22 \times 10^3 \vec{j}) + (6,44 \times 10^3 \vec{i} - 3,22 \times 10^3 \vec{j}) + 2 \cdot 3,6 \times 10^4 \vec{j} = 6,56 \times 10^4 \vec{j} \text{ N/C}$$

Análise: Vese que o resultado do cálculo é vertical cara arriba, coherente co debuxo que fixemos previamente.

Xeneralizando o resultado para calquera lado,

$$|\vec{E}| = 6,56 \times 10^4 \text{ N/C.}$$

O campo vai na dirección do lado, cara á carga negativa.

b) Como $V_{D \rightarrow M} = -V_{A \rightarrow M}$ e $V_{C \rightarrow M} = -V_{B \rightarrow M}$ (mesma distancia, cargas de signos opostos)

$$V_M = V_{D \rightarrow M} + V_{A \rightarrow M} + V_{C \rightarrow M} + V_{B \rightarrow M} = 0$$

para calquera punto medio dun lado, polo que:

$$W_{M \rightarrow M'} = q (V_M - V_{M'}) = 0$$

7. Dúas cargas puntuais de $8 \mu\text{C}$ e $5 \mu\text{C}$ están situadas respectivamente nos puntos (0, 0) e (1, 1). Calcula:

a) A forza que actúa sobre unha terceira carga de $1 \mu\text{C}$ situada no punto (2, 2).

b) O traballo necesario para levar esta última carga desde o punto que ocupa ata o punto (0, 1)

Datos: $K = 9 \times 10^9 \text{ N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}$; as coordenadas danse en metros.

(P.A.U. Xuño 98)

Rta.: a) $\vec{F} = 0,0223 \vec{i} + 0,0223 \vec{j} \text{ N}$; b) $W_{\text{ext}} = -W_{\text{campo}} = 0,0597 \text{ J}$

Datos

Valor da carga situada no punto A: (0; 0) m

Valor da carga situada no punto B: (1,00; 1,00) m.

Valor da carga situada no punto C: (2,00; 2,00) m

Constante eléctrica


Cifras significativas: 3

$Q_A = 8,00 \mu\text{C} = 8,00 \times 10^{-6} \text{ C}$

$Q_B = 5,00 \mu\text{C} = 5,00 \times 10^{-6} \text{ C}$

$Q_C = 1,00 \mu\text{C} = 1,00 \times 10^{-6} \text{ C}$

$K = 9,00 \times 10^9 \text{ N m}^2 \text{C}^{-2}$



Datos

Punto ao que se traslada

IncógnitasForza sobre Q_c Traballo para levar Q_c desde C ata D**Outros símbolos**

Distancia entre dous puntos A e B

EcuaciónsLei de Coulomb (aplicada a dúas cargas puntuais separada unha distancia r)

Principio de superposición

Traballo que fai a forza do campo cando se move unha carga q dende un punto A ata outro punto BPotencial electrostático nun punto creado por unha carga puntual Q situada a unha distancia r

Potencial electrostático de varias cargas

Cifras significativas: 3

D (0; 1,00) m

 $\vec{F}_C$ $W_{C \rightarrow D}$ r_{AB}

$$\vec{F} = K \frac{Qq}{r^2} \vec{u}_r$$

$$\vec{F}_A = \sum \vec{F}_{Ai}$$

$$W_{A \rightarrow B} = q (V_A - V_B)$$

$$V = K \frac{Q}{r}$$

$$V = \sum V_i$$

Solución:a) Faise un debuxo das cargas e cada un dos vectores forza e da suma vectorial que é a forza $\vec{F}_C$ resultante.

Cálculo de distancias:


$$r_{AC} = \sqrt{(2,00[\text{m}])^2 + (2,00[\text{m}])^2} = 2,83 \text{ m}$$

$$r_{BC} = r_{AC} / 2 = 1,41 \text{ m}$$

Os vectores unitarios do punto C, $\vec{u}_{AC}$ respecto de A e $\vec{u}_{BC}$ respecto de B son o mesmo:

$$\vec{u}_{BC} = \vec{u}_{AC} = \frac{\vec{r}_{AC}}{|\vec{r}_{AC}|} = \frac{2,00\vec{i} + 2,00\vec{j}}{\sqrt{2,00^2 + 2,00^2}} = 0,707\vec{i} + 0,707\vec{j}$$

A forza electrostática que fai a carga de A sobre a de C é:



$$\vec{F}_{A \rightarrow C} = 9 \times 10^9 [\text{N m}^2 \text{C}^{-2}] \frac{8,00 \times 10^{-6} [\text{C}] 1,00 \times 10^{-6} [\text{C}]}{(2,83 [\text{m}])^2} (0,707\vec{i} + 0,707\vec{j}) = 6,36 \times 10^{-3} \vec{i} + 6,36 \times 10^{-3} \vec{j} \text{ N}$$

A forza electrostática que fai a carga de B sobre a de C é:

$$\vec{F}_{B \rightarrow C} = 9 \times 10^9 [\text{N m}^2 \text{C}^{-2}] \frac{5,00 \times 10^{-6} [\text{C}] 1,00 \times 10^{-6} [\text{C}]}{(1,41 [\text{m}])^2} (0,707\vec{i} + 0,707\vec{j}) = 15,9 \times 10^{-3} \vec{i} + 15,9 \times 10^{-3} \vec{j} \text{ N}$$

Aplicando o principio de superposición, $\vec{F}_C = \sum \vec{F}_i = \vec{F}_{A \rightarrow C} + \vec{F}_{B \rightarrow C}$

$$\vec{F}_C = (6,36 \times 10^{-3} \vec{i} + 6,36 \times 10^{-3} \vec{j}) [\text{N}] + (15,9 \times 10^{-3} \vec{i} + 15,9 \times 10^{-3} \vec{j}) [\text{N}] = (0,0223 \vec{i} + 0,0223 \vec{j}) \text{ N}$$

Análise: Vese que a forza resultante do cálculo está na diagonal do primeiro cuadrante, coherente co debuxo que fixemos previamente.

b) Os potenciais no punto C debidos a cada carga valen:

$$V_{A \rightarrow C} = 9,00 \times 10^9 [\text{N m}^2 \text{C}^{-2}] \frac{8,00 \times 10^{-6} [\text{C}]}{(2,83 [\text{m}])} = 2,54 \times 10^4 \text{ V}$$

$$V_{B \rightarrow C} = 9,00 \times 10^9 [\text{N m}^2 \text{C}^{-2}] \frac{5,00 \times 10^{-6} [\text{C}]}{(1,41 [\text{m}])} = 3,18 \times 10^4 \text{ V}$$

O potencial electrostático do punto C é:

$$V_C = V_{A \rightarrow C} + V_{B \rightarrow C} = 2,54 \times 10^4 \text{ [V]} + 3,18 \times 10^4 \text{ [V]} = 5,73 \times 10^4 \text{ V}$$

As distancias $r_{AD} = r_{BD} = 1,00 \text{ m}$

Os potenciais no punto D debidos a cada carga valen:

$$V_{A \rightarrow D} = 9,00 \times 10^9 [\text{N m}^2 \text{C}^{-2}] \frac{8,00 \times 10^{-6} [\text{C}]}{(1,00 [\text{m}])} = 7,20 \times 10^4 \text{ V}$$

$$V_{B \rightarrow D} = 9,00 \times 10^9 [\text{N m}^2 \text{C}^{-2}] \frac{5,00 \times 10^{-6} [\text{C}]}{(1,00 [\text{m}])} = 4,50 \times 10^4 \text{ V}$$

O potencial electrostático do punto D é:

$$V_D = V_{A \rightarrow D} + V_{B \rightarrow D} = 7,20 \times 10^4 \text{ [V]} + 4,50 \times 10^4 \text{ [V]} = 11,70 \times 10^4 \text{ V}$$

O traballo que fai a forza do campo é

$$W_{C \rightarrow D} = Q_3 (V_C - V_D) = 1,00 \times 10^{-6} [\text{C}] \cdot (5,73 \times 10^4 - 11,70 \times 10^4) [\text{V}] = -0,0597 \text{ J}$$

Supoñendo que salga e chegue con velocidade nula, o traballo que hai que facer é:

$$W_{\text{exterior}} = -W_{\text{campo}} = 0,0597 \text{ J}$$

8. En dous dos vértices dun triángulo equilátero de 2 cm de lado sitúanse dúas cargas puntuais de +10 μC cada unha. Calcula:

a) O campo eléctrico no terceiro vértice.

b) O traballo para levar unha carga de 5 μC dende o terceiro vértice ata o punto medio do lado oposto.

c) Xustifica por que non necesitas coñecer a traxectoria no apartado anterior.

Datos: $K = 9 \times 10^9 \text{ N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}$; $1 \mu\text{C} = 10^{-6} \text{ C}$

(P.A.U. Xuño 08)

Rta.: a) $\vec{E}_C = 3,90 \times 10^8 \text{ N/C}$, na bisectriz cara ao exterior; b) $W_{\text{ext}} = 45,0 \text{ J}$

Datos

Valor de cada carga fixa

Lonxitude do lado do triángulo equilátero

Valor da carga que se despraza

Constante eléctrica

Cifras significativas: 3

$$Q = 10,0 \mu\text{C} = 1,00 \times 10^{-5} \text{ C}$$

$$L = 2,00 \text{ cm} = 0,0200 \text{ m}$$

$$q = 5,00 \mu\text{C} = 5,00 \times 10^{-6} \text{ C}$$

$$K = 9,00 \times 10^9 \text{ N m}^2 \text{C}^{-2}$$

Incógnitas

Vector intensidade do campo eléctrico no terceiro vértice

Traballo para levar 5 μC desde C ata D

$$\vec{E}_C$$

$$W_{C \rightarrow D}$$

Outros símbolos

Distancia entre dous puntos calquera A e B

$$r_{AB}$$

Ecuacións

Intensidade do campo electrostático nun punto creado por unha carga puntual Q situada a unha distancia r

$$\vec{E} = K \frac{Q}{r^2} \vec{u}_r$$

Principio de superposición

$$\vec{E}_A = \sum \vec{E}_{Ai}$$

Traballo que fai a forza do campo cando se move unha carga q dende un punto A ata outro punto B

$$W_{A \rightarrow B} = q (V_A - V_B)$$

Potencial electrostático nun punto creado por unha carga puntual Q situada a unha distancia r

$$V = K \frac{Q}{r}$$

Potencial electrostático de varias cargas

$$V = \sum V_i$$

Solución:

a) Sitúanse as cargas nos vértices A e B do lado horizontal e faise un debuxo de cada un dos vectores intensidade de campo e da suma vectorial que é o vector campo resultante no punto C que é o outro vértice.

O vector unitario do punto C, $\vec{u}_{AC}$ respecto de A é:

$$\vec{u}_{AD} = \cos 60^\circ \vec{i} + \sin 60^\circ \vec{j} = 0,500 \vec{i} + 0,866 \vec{j}$$

A intensidade de campo electrostático $\vec{E}_{CA}$ en C debida á carga en A é:

$$\vec{E}_{CA} = 9,00 \times 10^9 [\text{N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \frac{1,00 \times 10^{-5} [\text{C}]}{(0,0200 [\text{m}])^2} (0,500 \vec{i} + 0,866 \vec{j}) = 1,13 \times 10^8 \vec{i} + 1,95 \times 10^8 \vec{j} \text{ N/C}$$

Por simetría, a intensidade de campo electrostático $\vec{E}_{CB}$ en C debida á carga en B é:

$$\vec{E}_{CB} = -1,13 \times 10^8 \vec{i} + 1,95 \times 10^8 \vec{j} \text{ N/C}$$

e o campo resultante en C debido a ambas as cargas (principio de superposición) é:

$$\vec{E}_C = (-1,13 \times 10^8 \vec{i} + 1,95 \times 10^8 \vec{j}) [\text{N/C}] + (1,13 \times 10^8 \vec{i} + 1,95 \times 10^8 \vec{j}) [\text{N/C}] = 3,90 \times 10^8 \vec{j} \text{ N/C}$$

Análise: Vese que o campo resultante do cálculo é vertical, coherente co debuxo que se fixo.

Unha resposta xeral independente de como se elixiron os vértices sería: O campo eléctrico no terceiro vértice vale $3,90 \times 10^8 \text{ N/C}$ e está dirixido segundo a bisectriz do ángulo cara ao exterior do triángulo.

b) Os potenciais no punto C debidos a cada carga valen:

$$V_{CA} = V_{CB} = 9,00 \times 10^9 [\text{N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \frac{1,00 \times 10^{-5} [\text{C}]}{(0,0200 [\text{m}])} = 4,50 \times 10^6 \text{ V}$$

O potencial electrostático do punto C é:

$$V_C = V_{CA} + V_{CB} = 2 \cdot 4,50 \times 10^6 [\text{V}] = 9,00 \times 10^6 \text{ V}$$

Chamando punto D ao centro do lado AB, os potenciais no punto D debidos a cada carga valen:

$$V_{DA} = V_{DB} = 9,00 \times 10^9 [\text{N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \frac{1,00 \times 10^{-5} [\text{C}]}{(0,0100 [\text{m}])} = 9,00 \times 10^6 \text{ V}$$

O potencial electrostático do punto D é:

$$V_D = V_{DA} + V_{DB} = 2 \cdot 9,00 \times 10^6 [\text{V}] = 1,80 \times 10^7 \text{ V}$$

O traballo realizado polas forzas do campo electrostático cando se move unha carga $q = 5 \mu\text{C}$ desde o punto C ao D é a diminución da enerxía potencial entre os puntos C e D:

$$W_{C \rightarrow D} = q (V_C - V_D) = 5,00 \times 10^{-6} [\text{C}] \cdot (9,00 \times 10^6 - 1,80 \times 10^7) [\text{V}] = -45,0 \text{ J}$$

O traballo necesario para mover unha carga $q = 5 \mu\text{C}$ desde o punto C ao D, supondo que chegue a D coa mesma velocidade que tiña en C, é:

$$W_{\text{exterior}} = -W_{\text{campo}} = 45,0 \text{ J}$$

c) A forza electrostática é unha forza conservativa e o traballo que realiza é independente do camiño seguido para ir dun punto a outro.

9. Dúas cargas puntuais iguais $q = 1 \mu\text{C}$ están situadas nos puntos A(5, 0) e B(-5, 0). Calcular:

a) O campo eléctrico nos puntos C(8, 0) e D (0, 4)

b) A enerxía para trasladar unha carga de $-1 \mu\text{C}$ desde C a D.

Datos: $1 \mu\text{C} = 10^{-6} \text{ C}$, $K = 9 \times 10^9 \text{ N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}$. As coordenadas en metros.

(P.A.U. Set. 06)

Rta.: a) $\vec{E}_C = 1,05 \times 10^3 \vec{i} \text{ N/C}$; $\vec{E}_D = 2,74 \times 10^2 \vec{j} \text{ N/C}$; b) $V_C = 3,69 \times 10^3 \text{ V}$; $V_D = 2,81 \times 10^3 \text{ V}$;

$\Delta E = -8,81 \times 10^{-4} \text{ J}$

Datos

Valor da carga situada no punto A: (5,00; 0,00) m

Valor da carga situada no punto B: (-5,00; 0,00) m

Coordenadas do punto C

Coordenadas do punto D

Constante eléctrica

Incógnitas

Vector intensidade do campo eléctrico nos puntos C e D

Energía para levar -1 μC desde C ata D

Outros símbolos

Distancia entre dous puntos calquera A e B

Ecuacións

Lei de Coulomb (aplicada a dúas cargas puntuais separadas unha distancia r)

Principio de superposición

Energía potencial electrostática dunha carga q nun punto A

Potencial electrostático nun punto creado por unha carga puntual Q situada a unha distancia r

Potencial electrostático de varias cargas

Cifras significativas: 3

$$Q_A = 1,00 \mu\text{C} = 1,00 \times 10^{-6} \text{ C}$$

$$Q_B = 1,00 \mu\text{C} = 1,00 \times 10^{-6} \text{ C}$$

$$r_C = (8,00; 0,00) \text{ m}$$

$$r_D = (0,00; 4,00) \text{ m}$$

$$K = 9,00 \times 10^9 \text{ N m}^2 \text{ C}^{-2}$$

$$\vec{E}_C \text{ e } \vec{E}_D$$

$$W_{C \rightarrow D}$$

$$r_{AB}$$

$$\vec{F} = K \frac{Qq}{r^2} \vec{u}_r$$

$$\vec{F}_A = \sum \vec{F}_{Ai}$$

$$E_{PA} = q V_A$$


$$V = K \frac{Q}{r}$$

$$V = \sum V_i$$

Solución:

a) Faise un debuxo das cargas e cada un dos vectores intensidade de campo e da suma vectorial que é o vector campo resultante en cada punto.

Punto C



Cálculo de distancias:

$$r_{AC} = (8,00; 0,00) - (5,00; 0,00) = 3,00 \text{ m}$$

$$r_{BC} = (8,00; 0,00) - (-5,00; 0,00) = 13,00 \text{ m}$$

A intensidade de campo electrostático $\vec{E}_{A \rightarrow C}$ en C debida á carga en A es:

$$\vec{E}_{A \rightarrow C} = 9 \times 10^9 [\text{N m}^2 \text{ C}^{-2}] \frac{1,00 \times 10^{-6} [\text{C}]}{(3,00 [\text{m}])^2} \vec{i} = 1,00 \times 10^3 \vec{i} \text{ N/C}$$

A intensidade de campo electrostático $\vec{E}_{B \rightarrow C}$ en C debida á carga en B es:

$$\vec{E}_{B \rightarrow C} = 9 \times 10^9 [\text{N m}^2 \text{ C}^{-2}] \frac{1,00 \times 10^{-6} [\text{C}]}{(13,00 [\text{m}])^2} \vec{i} = 5,33 \vec{i} \text{ N/C}$$


Aplicando o principio de superposición,

$$\vec{E}_C = \sum \vec{E}_i = \vec{E}_{A \rightarrow C} + \vec{E}_{B \rightarrow C}$$

$$\vec{E}_C = 1,00 \times 10^3 \vec{i} [\text{N/C}] + 5,33 \vec{i} [\text{N/C}] = 1,05 \times 10^3 \vec{i} \text{ N/C}$$

Análise: O resultado é coherente co debuxo que se fixera.

Punto D.



Cálculo de distancias:

$$r_{BD} = r_{AD} = \sqrt{(5,00[\text{m}])^2 + (4,00[\text{m}])^2} = 6,40 \text{ m}$$

O vector unitario do punto D, $\vec{u}_{AD}$ respecto a A é:

$$\vec{u}_{AD} = \vec{u}_{AD} = \frac{\vec{r}_{AD}}{|\vec{r}_{AD}|} = \frac{-5,00\vec{i} + 4,00\vec{j}}{\sqrt{(-5,00)^2 + 4,00^2}} = -0,781\vec{i} + 0,625\vec{j}$$

